



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 13/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a trinta e un de outubro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- PAULA CASTENDA BLANCO.
- GONZALO VEIRAS CASTRO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. ALBA REGOS MATA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 18 de outubro de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión extraordinaria de data 18 de outubro de 2019, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coa abstención de da Sra. Castenda Blanco e Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

2. ACEPTACIÓN RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA DE D^a. ALBA REGOS MATA.

Visto o escrito de data 24/10/2019, rexistro de entrada nº 201999900000734, presentado por **D^a. ALBA REGOS MATA**, con DNI nº 79333602 R, de renuncia por motivos persoais ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, grupo político Unión por Ordes (UxO).

Visto o disposto no art. 9.4 do R. D. 2568/1986, do 28 de novembro.

Visto o disposto no art. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Visto o escritos de data 29/10/2019, rexistro de entrada nº 4091, presentado por **D^a. MARÍA JOSÉ CALVO LABANDEIRA**, con DNI nº 79318242 M, candidata nº 5 da Candidatura nº 4: Unión por Ordes (UxO) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril, comunicando a súa renuncia expresa a que se lle atribúa o escano vacante atendendo á súa orde de colocación.

Visto o escrito de data 31/10/2019, presentado por **D. AITOR RIBADAS GÓMEZ**, con DNI nº 45862081 N, candidato nº 6 da Candidatura nº 4: Unión por Ordes (UxO) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril, comunicando a súa aceptación expresa a que se lle atribúa o escano vacante atendendo á súa orde de colocación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, grupo político Unión por Ordes (UxO) de **D^a. ALBA REGOS MATA**, con DNI nº 79333602 R.

2º.- Remitir copia do presente acordo á Xunta Electoral Central para a expedición da credencial para a toma de posesión como concelleira do Concello de Ordes de **D. AITOR RIBADAS GÓMEZ**, con DNI nº 45862081 N, candidato nº 6 da Candidatura nº 4: Unión por Ordes (UxO) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril.

3. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente non se da conta de ningunha actuación municipal.

- Resolución do IDAE de concesión de axuda ao concello de Ordes para actuacións de aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Ordes, por importe de 161.900,00 euros, para un proxecto por importe de 202.400,00 euros.
- Resolución de arquivo de actuacións, de data 01/10/2019, da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), na que se sinala que con data 10 de xuño de 2019 e con número de rexistro de entrada 029155/2019, tivo entrada nesta Axencia unha reclamación contra o Concello de Ordes, por unha presunta vulneración do Artigo 5 do RGPD. En resposta ao requirimento da AEPD o Concello de Ordes manifestou o seguinte: A publicación na rede social municipal fíxose coa intención de aclarar as manifestacións realizadas polo partido político UxO en relación coa data exacta de presentación dunha solicitude. O consentimento da reclamante non foi solicitado tendo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

en conta que a solicitude que contiña os seus datos persoais sen anonimizar foi publicada previamente polo partido político UxO na mesma rede social, partido político no que nese momento a reclamante era a candidata nº 2 ás eleccións locais do 26 de maio de 2019. Estas imaxes elimináronse do perfil de Facebook do partido político UxO e o Concello de Ordes decidiu eliminar a publicación do seu propio perfil, porque a intención en todo momento do Concello era a de aclarar as manifestacións realizadas por ese partido político na súa rede social que omitían información e trataban de xerar confusión entre os veciños sobre a actuación municipal e en ningún caso vulnerar os dereitos de protección de datos da afectada. Expón o concello as medidas adoptadas para que non se produzan situacións como a denunciada. Deben traerse a colación os principios aplicables ao procedemento sancionador. A AEPD exerce a potestade sancionadora de oficio. Por tanto é competencia exclusiva da AEPD valorar se existen responsabilidades administrativas que deban ser depuradas nun procedemento sancionador e, en consecuencia, a decisión sobre a súa apertura, non existe obrigação de iniciar un procedemento ante calquera petición realizada por terceiro. Tal decisión ha de basearse na existencia de elementos que xustifiquen dito inicio da actividade sancionadora, circunstancias que non concorren non presente caso, á vista das actuacións realizadas, polo que procede o arquivo da reclamación presentada contra o Concello de Ordes.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2019, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que da conta da moción que se transcribe a continuación:

“Sobre o servizo municipal de abastecemento de auga, débense efectuar análises periódicas sobre a auga para controlar os parámetros e garantir a súa calidade e aptitude para o consumo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Entendemos que estas análises deberan estar publicadas na páxina web municipal e ser accesibles para calquera veciño/a que queira consultalas, xa que é un servizo polo que están a pagar.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno da corporación municipal insta ao alcalde de Ordes a que se habilite un espazo na páxina web municipal onde se colguen as análises efectuadas sobre a auga das redes municipais de abastecemento e os seus resultados”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unicamente vai a dar lectura ao informe da empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable, e polo que van a votar en contra da moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que puidemos ver como esta semana informouse a través das redes sociais, concretamente no Facebook dun medio local, que isto xa estaba feito. A verdade é que figuraba un apartado cun enlace a unha páxina do Ministerio onde se publican as análises que foron efectuadas, pero non a curva do seu resultado, os parámetros de Ph, cheiro, turbidez, contido de ferro, cobre, simplemente se reduce a indicar apta para o consumo. Entenden que se deberían publicar esas análises en concreto. Cando se publicaron inicialmente non figuraban no menú da páxina web municipal. Hoxe comprobado novamente xa figura no apartado de medio ambiente. Entenden que se habilitou dito espazo pero seguen sen colgarse as análises de auga co seu resultado. É o que demandan nesta moción, nada máis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle vai a contestar, aínda que non trouxo a colación o que o outro día tratou de colar como unha mentira. Esta trabucado, pero non van a entrar nese debate. Vai a aclararlle varias cuestións, por que para chamarlle mentireiro a alguén hai que estar moi seguro de que non se esta mentindo un a si mesmo. Di que se publicaron as analíticas nun directorio que segue a ruta do empregado pola alcaldía, coas palabras textuais está no Facebook. O anima a que lle demostre aos presentes onde esta ese enlace concello.ordes.gal/alcaldía. Colla o móbil e demostre onde está a verdade en todo isto que vostede di. A estrutura das rutas e a mesma para todos os menús e submenús da páxina web, concello.ordes.gal/p/alcaldía. O que debería vostede facer, no canto de mentir, é navegar máis pola páxina web municipal, para que así coñeza mellor e evite o risco de mentirlle aos veciños, porque como vostede di pillase antes a un mentireiro que a un coxo. Esta seguro de que os veciños que coñecen a web mellor que vostede pillaron a o mentireiro moi rápido. Tamén dixo que foi feito tan a correr que non hai forma de chegar a el dende o menú da páxina web municipal. O submenú está creado na páxina web, aquí ten unha captura do submenú da páxina que lle pasa agora mesmo para que el mesmo acceda dende o seu móbil por se non sabe buscalo na web municipal. É a única forma posible de acceder a ese contido ata que, evidentemente, se entre unha vez e se coñeza a url propia dese submenú. Isto último é o que lle sorprende máis, no sabe como puido coñecer a url directa, esa que pon como a única



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

posible de acceso, sen ter accedido polo propio menú da páxina que é, como lle acaba de dicir, a única maneira posible de facelo inicialmente.

Intervén o Sr. Vidal Río, que sinala que foi o medio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o medio que publicase o que quixese. Están a falar da xestión da web municipal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o sacou do medio que o publicou, está aquí.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que desde o minuto un o enlace está feito a través da área medioambiente/redesdeabastecemento. Se dubida da súa palabra fale co informático do Concello, está aí enfronte para que lle dia se é ou non verdade. Si que alguén lle pasou o url, que o sacasen de onde quixeran, se non saben o que publican e o seu problema máis de vostedes que non saben o que publican, nin sequera se molestou en navegar na web. Se houbera navegado o houbera encontrado. Traballe máis, minta menos e especialmente non confunda á xente. Gracias por darlle publicidade á ruta da alcaldía, é un xesto pola súa parte. Informe de Espina Delfín en relación coa moción que acaba de presentar totalmente populista, que sabe que está fora de lugar por que estamos nun concello cunha empresa concesionaria, que está a cumprir a legalidade en canto a información e publicación dos informes da rede de abastecemento de auga potable. Ten que informarse máis e non vir aquí con este tipo de mocións. Espina Delfín sinala: A auga potable subministrada pola rede municipal de abastecemento do Concello de Ordes está suxeita aos requisitos de calidade esixidos polo Real Decreto 902/2018, de 20 de xullo, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano. Neste Real Decreto, o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social establece os criterios de calidade para a auga de consumo humano. Desta maneira, o propio Ministerio establece o número e tipo de analíticas que deben realizarse en calquera abastecemento de auga en función de características tales como orixe da auga captada (auga bruta), tipo de tratamento da auga bruta, volume de auga tratada, capacidade de almacenamento de auga tratada, número de usuarios do servizo, ...etc. Segundo o Real Decreto mencionado, determínase como documento de definición do abastecemento o denominado Protocolo de autocontrol de abastecemento. Este documento é elaborado periodicamente pola entidade xestora do abastecemento e presentado regularmente á autoridade sanitaria, e nel defínense todas as características e particularidades do sistema de abastecemento. Para o caso do Concello de Ordes, establécense dous sistemas independentes de abastecemento, comunmente coñecidos como Zona Ordes e Zona Mesón do Vento. No caso do Concello de Ordes, as analíticas e os diferentes tipos das mesmas son realizadas coa regularidade e número establecidas nos Protocolos de Autocontrol. Segundo a Orde SCO/1591/2005, do 30 de maio, establécese un sistema de información relativo ás zonas de abastecemento e control da calidade da auga de consumo humano denominado Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC). O SINAC é un sistema de información sanitaria que actualmente está sustentado por unha aplicación informática a través de Internet, xestionando datos sobre as características das zonas de abastecemento e sobre a calidade da auga de consumo humano en España. O obxectivo principal do SINAC é identificar no ámbito local, autonómico e nacional a calidade da auga de consumo humano e das características dos abastecementos, mediante a carga de información, sobre zonas de abastecemento, captacións, plantas de tratamento, depósitos, cisternas de transporte, redes de distribución, laboratorios de control, inspeccións sanitarias nos abastecementos e calidade da auga de consumo humano, co fin de previr os posibles riscos para a saúde derivados da posible contaminación da auga de consumo. A información que recolle o SINAC refírese a: características das zonas de abastecemento (captacións, plantas de tratamento, depósitos, cisternas, redes de distribución), laboratorios de control, boletíns de análises, incumprimentos e alertas hídricas, autorizacións de excepción e inspeccións sanitarias. O uso da aplicación do SINAC a través de Internet, é obrigatorio para: a) Toda persoa ou entidade pública ou privada



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

que xestione zonas de abastecemento ou as súas infraestruturas ou que controle a calidade da auga de consumo humano. b) Os municipios. c) A autoridade sanitaria competente que realice inspeccións sanitarias e/ou outorgue autorizacións de excepción. d) O Ministerio de Sanidade e Consumo. e) Calquera outro organismo público ou privado que estea relacionado coa xestión dalgunha das partes do abastecemento ou co control da calidade da auga de consumo humano ou ben coa auga destinada á produción de auga de consumo humano. As entidades xestoras, serán responsables de que os datos do autocontrol, xerados por laboratorios públicos ou privados, estean recollidos no SINAC. Así mesmo, as entidades locais serán responsables de que os datos de control en billa do consumidor estean recollidos no SINAC. Con todo o anteriormente exposto Espina Delfín como entidade xestora dos sistemas de abastecemento de Ordes e Mesón do Vento é a encargada de subministrar periodicamente os resultados das análíticas establecidas pola autoridade sanitaria a través da aplicación informática SINAC. Unha vez subministrados os datos descritos no parágrafo anterior, e xunto cos datos recollidos e análíticas realizadas pola propia autoridade sanitaria nas inspeccións do sistema coa periodicidade que ela mesma estime como oportuna, é esta autoridade a que cualifica a potabilidade ou non do abastecemento correspondente. Este feito pode constatarse a través da propia páxina web do Ministerio a través do portal Acceso Cidadán/Información dun abastecemento, seleccionando o municipio e zona de abastecemento correspondente. Polo tanto hoxe aquí non van a saltarse o procedemento polo que a concesionario informa que hai que regularse.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), cinco votos a favor (3 grupo político BNG, 2 grupo político UXO), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que da conta da moción que se transcribe a continuación:

“A lexislación establece a posibilidade de aplicar bonificacións no caso de bens inmobles que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal, especialmente abastecemento de auga e saneamento.

Resulta completamente inxusto que no imposto de bens inmobles, mais coñecido como contribución, unha vivenda situada en solo de núcleo rural e que non teña acceso a servizos básicos de titularidade municipal teña que pagar a mesma cantidade que outra que si ten acceso a ditos servizos.

Esta situación poderíase resolver implantando unha bonificación de carácter rogado que estableza diferentes porcentaxes en función de se dito ben inmovible situado en solo de núcleo rural carece de acceso a un ou aos dous servizos básicos de titularidade municipal.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno da corporación municipal insta ao alcalde de Ordes a que inicie os trámites oportunos para establecer na Ordenanza Fiscal Nº1, Reguladora sobre o Imposto de Bens Inmobles, unha bonificación de carácter rogado en función da carencia de acceso a servizos básicos de titularidade municipal, abastecemento de auga e/ou saneamento dos bens inmobles situados en solo de núcleo rural.”



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que creen que moitas veces os núcleos urbanos teñen moitos máis servizos que algunhas zonas do rural, ven ben que se establezan estas bonificacións. Están de acordo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que está é unha bonificación que se está aplicando noutros concellos, Rianxo. En Santiago de Compostela é curioso, se aplica unha bonificación se carecen incluso ata de alumeadado público. Hai casos nos que si carecen de alumeadado público, abastecemento e saneamento chegan a ter unha bonificación do 90%. Gustaríalles que isto fose estudado, tampouco hai por que chegar a unha bonificación tan alta. Podería ser como noutros concellos unha bonificación do 10% por cada servizo do que se carece. É unha proposta que fan, que levaban no seu programa electoral, que presentan hoxe aquí a esta corporación municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como dixo en moitas ocasión os programas electorais están moi ben, despois vostedes traen as súas propostas aquí para tratar de sacalas adiante, están no seu lexítimo dereito. En lugar de facer unha moción tan simplista unha bonificación no IBI por carencia de servizos municipais, houbera sido importante que fixera unha análise máis a fondo do que foi a ponencia de valores e o tratamento do IBI no concello de Ordes nos derradeiros anos, e ao mesmo tempo que analicen isto cos técnicos municipais, cales son as bonificacións potestativas reguladas no art. 74 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), ao que non se fai referencia en ningún momento no texto da moción, que é a norma legal que pode permitir a aplicación disto. Vese na obriga de facerlle coñecer á veciñanza isto para despois non encontrarse cos titulares das súas notas de prensa de que o Alcalde non quere, cando o alcalde é que non pode, o goberno non pode. As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 90 % da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados en áreas ou zonas do municipio que, conforme á lexislación e plan urbanísticos, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro ou análogas e que dispoñan dun nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferior ao existente nas áreas ou zonas consolidadas do municipio, sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección. As características peculiares e ámbito dos núcleos de poboación, áreas ou zonas, así como as tipoloxías das construcións e usos do chan necesarios para a aplicación desta bonificación e a súa duración, contía anual e demais aspectos substantivos e formais especificaranse na ordenanza fiscal. A xustificación desta bonificación é a necesidade de dar un tratamento fiscal singularizado a determinadas áreas ou zonas do municipio, que teñen un nivel inferior de servizos, infraestruturas ou equipamentos, debido á súa distancia das zonas urbanas consolidadas do municipio ou debido a que se trata de terreos clasificados como urbanos ou urbanizables sectorizados pero que na realidade teñen un uso agrícola ou primario, dado que están pendentes de consolidación e desenvolvemento. Aínda que ditas circunstancias estivesen implicitamente recollidas no valor catastral dos devanditos inmobles, a equiparación material e económica, aínda que non formal ou legal, aos inmobles rústicos xustificaría a bonificación. Por iso, só estarían xustificadas tratamentos fiscais diferenciados



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

cando as circunstancias tidas en conta para establecer a bonificación non estivesen adecuadamente reflectidas no valor dos inmobles. O concello de Ordes ten unha ponencia de valores onde os valores catastrais xa están singularizados, polo tanto xa non é de aplicación o art. 74 do TRLRFL. Infórmese cos técnicos. Son varias as condicións que se deben cumprir para que poida establecerse a bonificación polo Concello: A bonificación debe limitarse aos bens urbanos. Que facemos cos rústicos, casas en solo rústico, xa non contan. Polo que deben darse as circunstancias habilitantes no solo da devandita natureza, tendo en conta os novos criterios de clasificación dos bens inmobles establecidos no artigo 2 TRLCI. Ademais non pode abarcar todos os inmobles da devandita clase, senón só os situados en áreas ou zonas singulares. Deben ser zonas ou áreas onde existan núcleos residenciais, dada a esixencia de asentamentos de poboación, aínda que a bonificación non ten obrigatoriamente que restrinxirse aos inmobles urbanos de tales usos. Deben ser zonas rurais ligadas ao sector primario, dado que os residentes nos mesmos deben estar vinculados a actividades de tal carácter. Ditas zonas deben ter un nivel de servizos municipais, equipamentos ou infraestruturas inferior ao existente en áreas ou zonas consolidadas do municipio. Sen ningunha dúbida é imprescindible determinar concretamente as áreas ou zonas en cada municipio que son obxecto desta bonificación. Por iso establece o segundo parágrafo deste artigo que se especificarán na ordenanza fiscal as características peculiares e ámbito dos núcleos de poboación, áreas ou zonas, así como as tipoloxías das construcións e usos do solo necesarios para a aplicación da bonificación e duración, contía anual e demais aspectos substantivos e formais. Para isto non fai falta facer unha modificación da ordenanza fiscal, por que todo isto está incorporado na ponencia de valores do Concello de Ordes aprobada no ano 2013. Estude a ponencia de valores e verá como temos diferentes clasificacións. No caso prantexado refírese a inmobles que non teñen servizos de abastecemento e saneamento municipal, servizos que, non pode obviarse son de competencia municipal pero que se satisfán mediante as correspondentes taxas aboadas polos receptores, que por outra banda non poden elixir estar conectados ou non ao seren servizos de recepción obrigatoria, polo que resultaría discriminatorio para estes que se bonificase a outros inmobles que non dispoñen dos servizos, pero que tampouco soportan o custe derivado destes. Resulta evidente, por outra banda que non todos os inmobles situados en núcleos rurais teñen vinculación con actividades agrícolas e resulta dificilmente xustificable que precisen dunha especial protección. As cargas urbanísticas nos caso do solo de núcleo rural tampouco son as mesmas que no solo urbano ou urbanizable. Por outra banda, se ben non contan cos servizos sinalados cabe sinalar que os custes de prestación doutros servizos municipais, recollida de lixo, alumeadado público, infraestruturas de transporte, ...etc., son moi superiores para dar servizo aos núcleos que á veciñanza que habita no solo urbano. Nin tampouco o é a aplicación da ponencia para a obtención do valor catastral. Polo tanto á vista do informe, da non aplicación, da existencia dunha ponencia de valores do ano 2013 que recolle perfectamente o contido do art. 74.1 do TRLFL e co fin de non discriminar uns veciños con respecto a outros nunha mesma aldea, parroquia ou lugar que teñan unhas bonificacións aplicadas a través da ponencia nos coeficientes de situación, construción e de ubicación no que unha mesma construción segundo a ubicación e nivel de servizos ten un valor. O grupo de goberno en base ao informe do técnico municipal e que non é legal aplicar esta ponencia coa situación actual do Concello de Ordes vai a votar en contra.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que en Santiago aplícase directamente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (3 grupo político BNG, 2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que da conta da moción que se transcribe a continuación:

“Ante os graves disturbios que nos últimos días están a producirse en distintas cidades de Cataluña, o Concello de Ordes, reafirma o seu rexeitamento a calquera manifestación de violencia e o seu compromiso na defensa da Constitución, a legalidade vixente e os principios, dereitos e liberdades que dela emanan.

Fronte á barbarie de quen perturba a convivencia pacífica entre os españois, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto aos Mossos d’Esquadra, veñen realizando un labor exemplar para a protección dos bens e a seguridade de todos. Grazas ao seu traballo, profesionalidade e sacrificio, e a pesar da falta de respaldo institucional das autoridades autonómicas, os cidadáns de Cataluña viron constatada a fortaleza e a vixencia de Estado de Dereito.

Resulta imprescindible, nunha institución que debe cumprir e facer cumprir a Constitución e a legalidade vixente así como garantir a seguridade dos seus cidadáns, mostrar o recoñecemento de todos os españois á exemplar e abnegada labor que levan a cabo estes servidores públicos.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos políticos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Popular insta o Pleno do Concello de Ordes, a adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar a súa máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais en Cataluña, manifestando a súa solidariedade e alento aos millóns de cidadáns que estiveron e están a sufrir esta terrible situación.

Segundo.- Mostrar un apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como á Policía Autonómica catalá, e en especial a todos aqueles de os seus membros que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, pola súa impecable labor e profesionalidade demostrada para a defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Interior, aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados e no Parlamento Galego, así como a Delegación do Goberno en Galicia, ao Corpo Nacional de Policía e a Policía Autonómica Catalá (Mossos d’Esquadra)”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que manifestan conformidade con algunha das manifestacións que se fan pero non co contido íntegro das acordos que se pretenden aprobar.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que tamén condenan a violencia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que como falaba fai un momento esta si que é unha moción populista e non unha moción do BNG que tenta de mirar polo ben dos veciños de Ordes. Dende o BNG en primeiro lugar condenan todo tipo de violencia, veña de onde veña. Desexan unha pronta recuperación a todas as persoas que foron feridas nos distintos disturbios. Defenden que Cataluña ten un problema político. Este problema político debe resolverse por unha vía política e con diálogo exenta de violencia. O BNG condena a actitude do PP traendo a este pleno unha moción con claro contido partidista e ideolóxico, trasladando aquí un problema totalmente alleo ao concello, no que é publicamente coñecido o posicionamento de fondo de cada unha das forzas políticas que forman esta corporación coa única finalidade de seguir votando leña ao lume da violencia.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que sinala que non é unha moción populista por que o problema catalán é un problema de todos, de toda España, Ordes é España. Non é populista o traballo pola defensa do Estado, da Nación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que condenan os actos violentos, pero non comparten as declaracións contidas nos acordos segundo e terceiro.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que tamén comparten as palabras do voceiro do PSOE, condenan a violencia

Intervén a Sra. Castenda Blanco, que sinala que lle recorda que lle teñen recriminado ao resto dos grupos políticos traer aquí mocións deste tipo que non teñen nada que ver co concello. Repite que están en desacordo e en contra de todo tipo de violencia. A democracia, e vostedes que van tan de constitucionalistas, é falar, dialogar e é permitir votar e decidir á cidadanía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostedes cando xuran ou prometen a constitución española para tomar posesión do seu cargo o fan por imperativo legal, el non ten ningún problema en xurar o cumprimento da constitución, non ten inconvinte en traer este tipo de mocións. Se estamos nunha nación, nunha comunidade autónoma, tanto o respecto á constitución como ao estatuto de autonomía de Galicia. A súa bandeira é a que ten un escudo ao seu carón non unha estrelada, por que esa si que é inconstitucional.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (grupo político PP), tres votos en contra (grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1. Declarar a súa máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais en Cataluña, manifestando a súa solidariedade e alento aos millóns de cidadáns que estiveron e están a sufrir esta terrible situación.
2. Mostrar un apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como á Policía Autonómica catalá, e en especial a todos aqueles de os seus membros que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, pola súa impecable labor e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

profesionalidade demostrada para a defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos.

3. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Interior, aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados e no Parlamento Galego, así como a Delegación do Goberno en Galicia, ao Corpo Nacional de Policía e a Policía Autonómica Catalá (Mossos d'Esquadra).

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que da conta da moción que se transcribe a continuación:

“A Deputación da Coruña do mandato 2015/2019 non atendeu moitas das demandas formuladas desde o Concello de Ordes, e semella que vai operar do mesmo xeito no presente mandato 2019/2023; pois xa comeza con un recorte importante no POS+2020 onde unicamente destina a obras para o noso concello a cantidade total de achega 2020 por 362.744,63 euros que se incrementa con unha achega 2019 de tan so 87.787,51 euros. En total corresponderanos o importe de 450.532,14 euros.

Lembremos que a achega do POS+2019 (achega 2019 e achega 2018) foi de 678.224,62 euros, polo que a redución, aparte de abusiva por parte de unha administración saneada dende 2015, é moi considerable, acadando o **-33,57%** de perdas dos fondos para financiación de actuacións municipais. E que si comparamos co derradeiro ano de goberno do Partido Popular na Deputación da Coruña, dita minoración pasa a ser do 41,3%.

En outra orde, compre lembrar que a forma de repartir as subvencións nominativas e as actuacións nas vías provinciais, dista moito de acadar a equidade na provincia da Coruña. No termo municipal do Concello de Ordes no remate do ano 2015, xusto coincidindo co cambio de goberno, o anterior Presidente do ente provincial, Diego Calvo Pouso, deixou atados dous compromisos, como foron a financiación mediante subvención nominativa do pavillón polideportivo Campomaio e adición de ximnasio por importe de 150.000 euros (logo da licitación o ingreso foi de 112.094,87 euros, deixando 37.905,13 euros nas arcas da Deputación), e a execución da senda peonil da Brea pq. 5+820 a 7+510, por importe de 201.918,71 euros (finalmente adxudicada por importe de 123.353,80 euros). En novembro de 2016 a petición do GMPP na Deputación entregouse un proxecto na Deputación para as obras de Prolongación de Beirarrúas na Rúa dos Lagartos, por importe 115.529,93 euros, nas que se contaba con unha financiación inicial de 55.500 euros (o 48,04%), e que finalmente foi adxudicada con unha baixa en canto a esta porcentaxe de financiación provincial de 10.932,30 euros, importe este que tamén pasou a formar parte das arcas da Deputación.

No referente a arranxos nas vías provinciais, presentáronse os seguintes proxectos:

1.- Marzo 2016. Senda peonil para seguridade vial na DP-5903 de Ordes a Portomouro por Ponte Chonia. P.K. 1+635 a P.K.4+435 (Marxe esquerda), por importe de 1.008.977,50 euros. Lembrar que poucos meses despois o PSOE de Ordes presentaba unha moción para que esta actuación se levase a cabo.

2.- Xullo 2016. Senda peonil para seguridade vial na DP-5905 acceso a Poulo dende a DP-3802 (Ordes-Pontecarreira) P.K. 0+000 ó P.K. 0+890, por importe de 479.447,91 euros.

3.- Setembro 2016. Humanización na DP-5905 (Acceso a Poulo dende DP-3802 a Pontecarreira) P.Q. 0+890 a P.Q. 1+170, por importe de 122.685,69 euros.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

E no tocante a outras actuacións de obras:

1.- O pasado 20/09/2018 solicitábase unha axuda de 180.000 euros para a execución das obras do centro socio comunitario Isabel Zendal.

En unha reunión mantida co Presidente Provincial, o 11/07/2016 tamén se dou traslado da petición de axuda para a creación de un segundo campo de herba artificial onde se nos anunciou un plan de deportes que nunca chegou a ver a luz, e que enmarcou como “unha excelente oportunidade para acometer esas obras”. Na mesma reunión insistiuse na urxente necesidade de acometer o proxecto pendente de humanización da Rúa do Recreo e barrio do Balado ata a AC-413, así como a mellora da sinalización vertical e horizontal da Rúa Rosalía de Castro.

Non escapa polo tanto a ninguén que agás os compromisos do anterior Presidente Diego Calvo, e a distribución de nominativas por parte do grupo provincial popular, o Concello de Ordes, non recibe o apoio necesario por parte do ente provincial, nin nas actuacións que requiren de apoio financeiro, e tampouco nas necesidades que demandan as vías da súa titularidade que se enmarcan dentro do noso termo municipal.

Cousas que si acontecen, e a vista están dos feitos en actuacións nos concellos de Oroso (PSOE) ou Carballo (BNG).

Dende fai mais de un ano, o goberno local ten feita unha valoración para a execución do proxecto de Acondicionamento de Casa de Cultura de Ordes, en especial do seu auditorio e dos accesos na planta baixa, por importe total de 470.752,30 euros. Unha demanda na que o BNG está a poñer especial énfase no remate do anterior e comezo do presente mandato.

Polo tanto, propoñemos ao pleno do Concello de Ordes a aprobación dos seguintes ACORDOS dos que se dará traslado ao Presidente da Deputación da Coruña e a todos os grupos políticos que conforman o ente provincial:

Primeiro.- Solicitar a inmediata revisión do proxecto de Humanización da DP-5903 para o barrio do Recreo e o lugar do Balado, dende o entronque coa N-550 ata a AC-413; procedendo a dotación de crédito nos orzamentos de 2020 para licitar e comezar a executar a obra.

Segundo.- Solicitar que no presente mandato 2019/2023 se proceda coa licitación dos proxectos presentados en marzo, xullo e setembro de 2016 nas vías de titularidade provincial na DP-5903 (conectar con unha senda o empalme e a estación da Pontraga por onde transcorrera a futura vía verde) e DP-5905 (entorno da Calle de Poulo por onde transcorre o Camiño Inglés).

Terceiro.- No marco do principio de colaboración que rexe as relacións entre as administracións, así como das competencias que a lexislación de réxime local e de servizos sociais atribúe a Deputación Provincial (art. 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril e art. 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro), solicítaselle a Deputación Provincial a concesión das seguintes axudas nominativas:

a.- 180.000 euros para o equipamento e acondicionamento da praza enfronte ao Centro Sociocomunitario Isabel Zendal, xusto ao acceso do paseo Ramiro Recouso.

b.- O 50% do custe do proxecto de Acondicionamento de Casa de Cultura de Ordes, ou sexa 235.376,15 euros”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o de bater prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que no Plan Provincial de Obras e Servizos no ano 2019 foi de 87.787 € de achega provincial, no ano 2020 362.744,00 €.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na exposición de motivos, no POS 2020 o importe total que lle corresponde ao concello son 450.000 €, a achega con respecto a 2020 dos fondos da Deputación son 362.744,00 €. A achega de 2019, dos remanentes que teñen alí, que non os explican son de 87.787,00 €. O POS 2018 foi de 970.000,00 € dos que 768.000,00 € foron para obras. A perda é de 33,57 %. Suman dous sempre.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, que sinala que entende que se esixa o que corresponda e que será correspondido nese xeito.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que todo o que se pida para mellorar os servizos e axudas para o noso concello o ven ben.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que hai tempo cando comezaron a lexislatura todos se propuxeron entregar as mocións en tempo e forma. Aquí o único que o cumpre é o BNG, cunha semana de antelación polo menos entregan as súas mocións. Esta moción chegou o martes, fálase de proxectos que non coñecen, aos que non tiveron acceso. Poden estar en principio de acordo coas obras que aquí se propoñen. Gustaríalles coñecer que se quere facer na Casa da Cultura, como se queren construír as senda peonís. Non é tanto pedir ter acceso á información antes do pleno. Na exposición de motivos fálase do Plan Único, é un late motiv do PP, pero cando votan na Deputación nunca votan en contra, e mesmo en petit comité recoñecen que están contentos. Fan como Aznar que dicía que falaba catalán en privado, a vostedes pásalles un pouco o mesmo. Maquillan as cifras, falan de 362.000 €, pero non inclúen o PAI. Ao final o POS son 781.000 €. So falan do último ano no que estiveron no goberno da Deputación, parece que renegan dos anos anteriores. Ano 2014 Plan de Obras gobernada polo PP 648.679,00 € para Ordes, ano 2019 gobernada polo BNG 1.621.989,00 € para Ordes. Falan de obras, pero poderían falar da Rede Cultural, o incremento que supuxo, poderían preguntarlle ao sector cultural ordense se agora teñen recoñecido o seu traballo cando vai a actuar por aí adiante. Poderían estar basicamente de acordo coas obras que se propoñen. Piden un pouco máis de información e documentación para valorar o seu voto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si que cumpriron, outra cousa é que tiveron un problema para que se puidera mandar a moción ata o martes. A súa intención sempre foi presentar a moción o luns. O acordo que teñen é que as mocións que precisen un informe se presenten antes da xunta de voceiros, e as que non precisen informe como moi tarde no día en que se faga a convocatoria do pleno. Isto é o que acordaron no seu día cando se reuniron.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que el estaba presente e nunca se dixo iso.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que eles non teñen dedicación exclusiva ou parciais como teñen vostedes. El traballa, igual que o resto dos compañeiros.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que non se xustifique no inxustificable.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que lles fastidia que lle digan que incumpren os acordos. É así.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que non incumpren ningún acordo, senón o poñen por escrito, senón con vostedes non serve outra cousa.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que son de palabra, non hai que poñer por escrito nada.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que lles gusta mentir moito e manipular a información. Vamos a dar cifras, xa que queren cifras e ver o bos e xenerosos que son vostedes na Deputación conxuntamente cos seus socios de goberno e sobre todo para que se enteren os veciños de Ordes como lles dixo o outro día. Por que non van a Deputación e piden os proxectos, dende o martes é moi rápido que llos manden, se veñen aquí e os piden llos mandamos rapidísimamente. O puideron facer o martes desde as once da mañá que tiñan a moción para analizar os proxectos. Xa llo dixo no pleno anterior o día 18 que este proxectos existían. O proxecto da senda que vai dende o Empalme ao Balado foi falado aquí no ano 2016, non ve que dende esa data se preocuparan por este proxecto nin aquí nin na Deputación. O proxecto do Centro Sociocomunitario xa llo dixo no seu día foi supervisado pola Deputación Provincial, existe o proxecto alí. O 20 de setembro de 2018 pediron xa a axuda nominativa para a súa financiación de acordo co PSOE e segundo lle dixeron foi o BNG, unha compañeira súa a que dixo que esa subvención non se lle podía dar ao concello de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que o Sr. Alcalde no pleno lle dixo que non sabía o que se ía facer no Centro Sociocomunitario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unha compañeira súa que estaba na Deputación, foi a que asinou o escrito de rexeitamento a esa axuda. A súa compañeira Goretti Sanmartín. Vamos a falar de prazos e diñeiro. Falou do POS 2014, onde esta o DTC 2014 que é a incorporación que se fixo no ano 2015 sobre o POS 2014. Tamén estaba o PAI 2015, os 700.000 € máis os DTC de 400.000 € e o PAI de 200.00 € son 1.300.000 €. Canta é a diferenza ata 1.600.000 €. A quen quere enganar. 1.300.000 € foi a aportación do último ano de goberno de Diego Calvo ao Concello de Ordes. Na relación de subvencións nominativas de xullo 2015 ata decembro de 2018. Un escándalo. Concello de Carballo aparcamento parque empresarial 117.000 €, capa de rodadura en Bertoa 131.000 €. Concello de Oroso reforma de acceso a vestiarios campo de fútbol 40.000 €, ampliación de piscina municipal 79.000 €, campo de fútbol de Oroso 330.000 € e recentemente un auditorio case 500.000 € máis. Máis de un millón de euros fronte a 55.000 € que recibiu o Concello de Ordes, esa é a comparativa. Se queren analizamos tamén A Baña, Capela, Ames, Arteixo, Ares, As Pontes, os que queiran. Están os 93 concellos da provincia da Coruña. E se queren sumamos os nosos concellos e os seus. O 75% cando vostedes gobernaban en menos do 40 % dos concellos da provincia da Coruña. Levábanse o 75 % dos fondos en subvencións nominativas. Obras 2017, 2018 e 2019. Camiño de Buscás ao Mesón do Vento e outros, baixa de adxudicación 100.000 €, Camiño de Barroso a Montaos e outros, baixa adxudicación 135.000 €, Bombeo de saneamento na Maquía e outros, baixa de adxudicación 45.000 €, Saneamento e abastecemento na Pedreira baixa de adxudicación 72.000 €, POS+ 2018 Camiño de Vixide, Chan, Montaos e outros, baixa de adxudicación 52.000 €, Pavimentación na Adina 25.000 € de baixa, Abastecemento de auga a Castrelos e outros núcleos de Leira e Ardemil 67.000 € de baixa, Camiño do Coto a Capela do Socorro Vilamaior e outros 17.000 € de baixa, Pista dende a Igrexa a estrada de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Pontecarreira e outros 43.000 € de baixa, Camiño do Casal Vidueiro a AC-413 e outros 36.000 € de baixa, Pista Souto Pedre a AC-409 e outros 15.000 € de baixa, Pista de Nouche a límite Oroso Recouso-Marzoa, Beán 18.000 € de baixa, Pista Ameixeira Carballado Buscás 26.000 € de baixa, Pavimentación vias na Ermida e outros 9.000 € de baixa. POS + 2019 Camiño no Canedo Ardemil e outros 18.000 € de baixa, Pavimentación acceso aos Lagos Barbeiros e outros 21.000 € de baixa. Isto supón 712.000 € e a maiores Acondicionamento do pavillón polideportivo 37.000 € de baixa e Prolongación beirarrúas rúa dos Lagartos 10.000 € de baixa. 761.000 € de fondos dos veciños de Ordes, POS 2017, 2018 e 2019 e as nominativas que lles deixou o seu grupo político. Como ben saben o que fan é repartir como teñen votos suficientes, collen e se quedan co 75 % e o 25% para cincuenta e tantos concellos e a conta que se fai e que os vinte e tantos concellos se repartiron 55.000 €. Como na segunda xogada as cantidades que saían eran ridículas Ordes renunciou a súa segunda nominativa porque había concellos con moitas necesidades no ano 2018 e non quixemos 27.000 € da Deputación para que nos vendan nominativas. Cando nos teñen alo 761.000 € bloqueados. Hai proxectos complementarios como é a Estrada de Fosado á Barcula que a acabamos de meter no POS+ Adicional 2019 por 91.000 € que podían estar incorporados. Proxectos complementarios aprobados polo pleno que vostedes tamén votaron que están alá presentados e non os incorporan. Proxecto de Fosado a Parada que o tiveron que incluír de segunda vez, estaba esperando dende o ano 2017. A Estrada do Mesón á Barcula por 192.000 € que da pena e hai crédito máis que suficiente na Deputación Provincial de fondos municipais e non se pode contratar por que a vostedes non lle da a gana.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no orzamento municipal tamén hai crédito.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta onde hai crédito no orzamento municipal, se eses cartos teñen vostedes que facer a resolución correspondente para facer a modificación de créditos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se hai vontade hai cartos para esa obra, hai que poñela.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na Deputación Provincial se están a quedar con cartos dos nosos veciños, iso é unha vergonza. É a realidade, é o que teñen que saber os veciños, de como vostedes actúan na Deputación. O PP cando gobernaba UxO incorporaba todas as baixas aos proxectos complementarios no ano seguinte e eles estiveron na oposición e vostede tamén estivo e todos os proxectos complementarios se executaron e se faltaban fondos por que si os proxectos sumaban máis que o importe de incorporación das baixas os poñía o concello dos orzamentos municipais. No pleno facemos o POS, poñemos un 25 % para incorporacións e un 30 % para previsión de baixas. O acondicionamento da Casa da Cultura é unha prioridade para vostedes, veñan a ver o proxecto cando queiran. Voten a favor e se non votan a favor pidan na Deputación que nos dean a axuda. Se non o queren pedir xa se ve cal é a súa intención con todos e cada un destes proxectos. Dende o 28 de xuño de 2019 hai perigo por derrubamento dun muro de peche e rotura de beirarrúa á altura do nº 123 da rúa do Recreo, que fixo a Deputación dende entón, nada, o vixiante esta negro con como actúa o gabinete político da Deputación. Estiveron alí o 11 de xullo de 2016 co Presidente da Deputación e aínda que pertence ao PSOE a que manexaba aquilo era a súa compañeira, víase perfectamente como funcionaba aquilo. Vendeunos a moto co Plan de deportes, ide preparando o proxecto, que isto en seis meses está aí. Nos dixeron que os presentáramos os proxectos para construción de senda peonil entre o tanatorio do Balado e a Pontraga e ampliación da senda de Pontepinguela a Poulo, eses tres proxectos que falamos están na Deputación dende entón, que fixeron, nada. Que se falou tamén que había que solucionar o problema da estrada de Mesón do Vento, é vergonzoso, o pedimos en xullo de 2016. Sabe cando saíu a licitación a esa obra, fai tres meses, o 12 de agosto e ata o 17 de outubro non se



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

formalizou o contrato e ata o 15 de novembro non se van a iniciar as obras. Van a facerse as obras no inverno cando hai que sanear máis de 80 cm de profundidade, non, vai a pasar outro inverno máis esa estrada así.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aquí tardamos máis en facer unhas beirarrúas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é así, estamos a falar dende o 11 de xullo de 2016, tres anos. Cando queiran falamos das beirarrúas, a súa axuda foi mínima ou ningunha, darlle ao Facebook e ás redes sociais. Preocuparse pola problemática do proxecto cero.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que das beirarrúas igual lle podemos dar unhas clases. Como se inspecciona primeiro antes o que hai debaixo antes de meter unha pala.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é vostede un experto, xa o sabe.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que seguramente o sabe mellor que vostede.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostedes incumpren con Ordes, vostedes do PSOE tamén incumpren con Ordes dende a Deputación. Están a rirse de todos e cada un de nos. Devólvannos os 761.000 €. Son dos nosos veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o Alcalde ten que leer o que asina.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Sr. Veiras Carneiro defende a Cultura, é máis importante a axuda á Cultura que ter a estrada do Recreo como está nun estado lamentable dende o ano 2014, cun proxecto aprobado no 2015, que negociou o Sr. González Santos. É máis importante seguir tendo esa estrada como está. Desda estrada tamén faláron nesa reunión, nin caso, e o que facemos e senda polo medio do monte en moitos concellos, para nada, imos a velas cando queira. Esa é a maneira de traballar en Carballo, Oroso, en moitos concellos. Esas son as explicacións que nos acaban de dar aquí hoxe de como funciona iso. Teñen ala 761.000 € dos veciños de Ordes e xa sabe que non os van a querer entregar. E se os temos que reclamar por outra vía o faremos tamén. Vostedes non teñen capacidade suficiente para impoñerse ante a súa xente da Deputación para que lle dean aos veciños de Ordes o que é deles. Non o van a facer nunca por que non lle interesan os veciños. Esta moción ten uns puntos que son importantes para todos e cada un de nos. Hai tres sendas que son necesarias, é moi importante adecentar o entorno na Calle en Poulo por onde transcorre o Camiño Inglés para o ano 2021. A Deputación Provincial é titular desas partes de vía que son tan necesarias de prolongar a senda en Pontepinguela ata alí. Como a Xunta de Galicia vai a facer viable que se prolongue dende o alto do instituto ata o Outeiro de Poulo e se poida conectar co albergue. Tamén fagan vostedes o posible para que se conecte pola outra marxe e que teñamos conectado a Calle ata Ordes. que se fixeron no seu momento no ano 2011, fagan agora a outra fase e a completen, é necesaria para todos os veciños. Fagan un esforzo, pídánllo. Voten nesta moción a favor. A vía verde vai a ser unha realidade no ano 2021, si todo vai ben. Fondos IDAE 80%. Houbo un momento que estivemos dispostos a financiar a vía verde. Vostedes non van as reunións, vai o representante do Concello. Como neste momento non había posibilidade de facer unha modificación de créditos, estabamos moi apurados, por que eran as eleccións e non había ganas de facer plenos, tivemos nos que financiar os proxectos con fondos propios, a Deputación non tiña para financiar un proxecto que tivemos que pagar os catro concellos Cerceda, Tordoia, Ordes e Oroso. Non había 11.000 € para facer un modificado dun proxecto. E venden alí a moto, o presidente entrou para facerse a foto e non se queda sequera á reunión. Iso é vergonzoso, lamentable. E despois vender a moto de que a Vía Verde a vai a facer a Deputación, non, a vai a facer o IDAE, como nos tamén estamos a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

facen actuacións de alumeados e na piscina. Non queiran facernos ver o que non é. O proxecto foi modificado grazas a que o pagou o concello de Ordes, estamos sacando os informes sectoriais. Outro compromiso que alí se adquiriu nesa reunión é que a Deputación Provincial ía facer por parte dos seus técnicos a análise de todos os informes sectoriais dos concellos no mes de xuño e estamos esperando aínda a día de hoxe e o están a facer os técnicos municipais, por que non podemos seguir perdendo o tempo esperando pola Deputación Provincial. Esa é a realidade do que se fai na Deputación Provincial cando nos chaman a unha reunión de paripé. Para facer a foto e irse pola porta de atrás a vender o fume na nota de prensa. Isto é o que vostedes fan, o que vostedes promoven. Non son capaces de sacar adiante as actuacións que son necesarias para o concello de Ordes. É increíble que teñamos que estar aínda licitando o POS+ Adicional que foi aprobado no mes de marzo, que teñamos que comezar a licitalo o mes que ven, por que non tiveron ata o mes de outubro a capacidade de poder facer esa resolución de aprobación, sete meses para poder iniciar unha licitación no concello de fondos que xa son nosos, que están incorporados nos orzamentos a través dunha xeración de créditos que se fixo o venres. Esa é a súa maneira de actuar e proceder. Estamos a día de hoxe a facer as obras do POS+ Adicional 2018, por que tamén se contrataron no final do ano pasado e non íamos acometelas no inverno e estamos pilladísimos para rematalas no mes de outubro por que despois son totalmente inviables. Esa é a súa maneira de facer as cousas. Simplemente lles pide iso, sexan ecuanímenes con todos. Hai moito do que se lle debe a este concello, do que sucedeu no mandato 2015-2019. Teñen 761.000 € de fondos municipais retidos na Deputación Provincial. Apoien ese Centro Sociocomunitario, axuden a facer con financiación a dotación. Digan dunha vez por todas que pensan facer co POS+ Adicional. Isto vai a ser este ano unha mentira burda e absurda. Non figura por ningún lado nas bases que saíron na circular desta semana, sería importante que o clarificasen. Digan si están dispostos a cofinanciarlo. Nos buscamos o outro 50%, se tanto se preocupan pola cultura como dixo antes o Sr. Veiras, o fagan tamén pola Casa da Cultura que ten unha necesidade importante co auditorio. O POS+ deste ano non chega para poder facelo, aínda que renunciásemos a todos os demais proxectos. A aportación do POS son 450.000 €, a valoración está en 470.000 €. Insiste en que fagan o esforzo de conseguir un apoio dunha subvención nominativa do 50 %. Saquen adiante a Humanización da rúa do Recreo que ten moita falta, a senda ata a estación da Pontraga por que a vía verde no 2021 vai a estar feita. Saquen a continuación da Pondepinguela ata a Calle de Poulo, é importante para Ordes, é a nosa imaxe. Este proxecto leva alí tres anos e medio. Son as súas vías, conforme o fan noutros concellos fágano en Ordes tamén. E recorden que nos deben 761.000 €.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se está a mirar sempre o tempo atrás, o que ven para adiante é bastante relevante. O Concello de Ordes no POS+ 2020 ten salvo erro o oitavo posto de achega provincial de toda a provincia.

Intervén o Sr. Iglesias Veiras, voceiro do grupo político UxO, que sinala que non van a entrar en valoracións de quen deu máis ou menos. As axudas que poidan vir serán boas.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que todos sabemos que o POS se vai suplementando ao longo do ano con modificacións de crédito como pasou o ano pasado e anos anteriores. Recollemos o guante. Cando nos reunimos cos nosos compañeiros da Deputación non vamos a pasarlles a man polo lombo e sacar fotos. Vamos a pedirlles e esixirlles para Ordes como sempre. Por exemplo, Festival Desordes Creativas con vostedes 2.000 – 3.000 €, co BNG-PSOE na Deputación 20.000 €, fácil votar a conta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agora hai unha subvención nominativa para o Desordes Creativas, pero a achega que se facía para o Desordes Creativas nos anos precedentes era en base á liña de axudas que existía na Deputación Provincial que se repartía para iso e que o Concello de Ordes tomara a decisión de adicalala a iso, podía haberlos investido en calquera outra cousa. Non era achega da Deputación, era achega do Plan Cultural do Concello de Ordes que decidía metela aí. En ningún momento houbo ningunha subvención nominativa. Se quere dicir que co PP nunha houbo unha subvención nominativa para o Desordes Creativas é certo. Non diga que a Deputación Provincial era a que nese momento financiaba con 3.000 € o Desordes Creativas por que non é falso. Era o Concello de Ordes cos seus fondos quen destinaba 3.000 € dos cales esa parte procedía de aí, por que poñía bastante máis de 3.000 €.

Intervén a Sra García Gómez, que sinala que cando se abriu o POS+ elimináronse once liñas de axudas.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que recollen o guante. Volve a reiterar que parece que están en contra das obras que se propoñen, non están en contra. Van a procurar e traballar para que estas obras cheguen a bo fin, iso si, antes coñecendo e sabendo que se quere facer. Cheques en branco de momento non lle gusta darllos a ninguén.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a base sétima do POS+ da Deputación Provincial sinala que as baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular se fose posible da dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación e poderá reinvestirse no concello mediante a realización de novos investimentos financeiramente sostibles a través do POS+ dun exercicio posterior xunto con outros remanentes que se puideran producir noutros obxectos incluídos neste plan. Deixen de mentir por que hai proxectos máis que suficientes para reinvestir en Ordes dende o ano 2017, estrada de Fosado a Parada e a estrada que saíndo da Barcula pasa polo Seixo e chega a Mesón do Vento. Estes proxectos complementarios están aprobados polo pleno municipal e a Deputación Provincial dende o 2017 ten a obriga de incorporar estas baixas para investimentos financeiramente sostibles e non o fixo. É a Deputación Provincial a que lles está fallando aos veciños destes lugares. El non é o que asina as bases do POS+.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que asina adherirse ás bases.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dez votos a favor (8 grupo político PP, 2 grupo político UXO), coas abstencións (3 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar a inmediata revisión do proxecto de Humanización da DP-5903 para o barrio do Recreo e o lugar do Balado, dende o entronque coa N-550 ata a AC-413; procedendo a dotación de crédito nos orzamentos de 2020 para licitar e comezar a executar a obra.

Segundo.- Solicitar que no presente mandato 2019/2023 se proceda coa licitación dos proxectos presentados en marzo, xullo e setembro de 2016 nas vías de titularidade provincial na DP-5903 (conectar con unha senda o empalme e a estación da Pontraga por onde transcorrera a futura vía verde) e DP-5905 (entorno da Calle de Poulo por onde transcorre o Camiño Inglés).

Terceiro.- No marco do principio de colaboración que rexe as relacións entre as administracións, así como das competencias que a lexislación de réxime local e de servizos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

sociais atribúe a Deputación Provincial (art. 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril e art. 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro), solicítaselle a Deputación Provincial a concesión das seguintes axudas nominativas:

a.- 180.000 euros para o equipamento e acondicionamento da praza enfronte ao Centro Sociocomunitario Isabel Zendal, xusto ao acceso do paseo Ramiro Recouso.

b.- O 50% do custe do proxecto de Acondicionamento de Casa de Cultura de Ordes, ou sexa 235.376,15 euros.

Finalizado este punto da orde do día a Sra. Castenda Blanco abandona o salón de sesións.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Servizo de Intervención de Armas do Posto da Garda Civil de Ordes é utilizado por cidadáns de nove concellos – Curtis, Vilasantar, Oza, Cesuras, Mesía, Frades, Abegondo, Carral, Tordoia e Ordes.

Este Servizo de control de armerías e de canteiras xera emprego e beneficios económicos aos diferentes establecementos, comercios, centros de psicotécnica existentes na Vila de Ordes.

Por todo o exposto, na súa condición de voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, fórmúlalle ao Sr. Alcalde o rogo seguinte:

Apoiar para que non se retire do Concello de Ordes o Servizo de Intervención de Armas do posto da Garda Civil de Ordes.

Por todo o exposto, na súa condición de voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, fórmúlalle ao Sr. Alcalde o rogo seguinte:

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está totalmente de acordo. Xa se fixo unha petición conxunta dende a Mancomunidade no seu momento, tamén dende o concello a raíz da recollida de sinaturas que se fixo por varios Tecores. Tamén se mantiveron conversacións coa Subdelegación do Goberno contestándose que se ía facer o posible para que se manteña



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

- Polo Concello realizouse a limpeza de árbores, pola parte baixa, na estrada existente en Vilagudín a carón do embalse.

Nesta estrada existen unhas árbores cuxas ramas voan sobre a vía pública estorbando e dificultando a circulación de vehículos, tractores, camións, ...etc.

Por todo o exposto, na súa condición de voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, formúlalle ao Sr. Alcalde o rogo seguinte:

Limpeza das ramas, pola parte máis alta, a fin de que non estorben e dificulten a circulación de vehículos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que se fixo foi facer o desbroce que se fai habitualmente en todo o concello cos tractores municipais. O concello o que fai é o desbroce da cuneta. Estas árbores son dun propietario particular. Xa se fixo un informe por parte da policía local que se entrevistou co propietario das árbores, comprometéndose a cortalos no máis breve tempo posible. Non é algo que poida facer o concello coas desbrozadoras, hai que facer unha poda somera das árbores ou incluso talalas.

- O PAC de Ordes carece de servizo de radioloxía.

Por todo o exposto, na súa condición de voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, formúlalle ao Sr. Alcalde o rogo seguinte:

Instar ao Sergas para que tramite a instalación dun Servizo de Radioloxía no PAC de Ordes, para a procura dunha atención máis completa dos servizos sanitarios que se prestan no concello de Ordes .

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se fixeron múltiples peticións en anteriores mandatos. Petición da que se deu traslado na última reunión que se mantivo co Presidente da Xunta de Galicia, unha reunión anterior co Conselleiro de Sanidade que se mantivo en Santiago e coa xefa de servizo e tamén na visita que se fixo con motivo das obras de mellora no servizo de pediatría. Darase traslado para que se cumpra co noso PAC e Centro de Saúde.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Usuarios do local de ensaio trasladáronlle ao grupo municipal do BNG a súa preocupación pola falta de seguridade que pode afectar ao material, tanto de propiedade persoal coma municipal que se aloxa en ditas instalacións, debido á falta de control nas chaves de acceso.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á colocación dunha nova pechadura ou sistema de acceso con tarxeta para facilitar o control.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non consta ningunha queixa no concello neste sentido. ¿Quen se queixa?.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que non vai a dar aquí os nomes, cóstanlle as queixas, incluso de danos nos equipos de música.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hoxe falou cos servizos municipais, consultado o rexistro municipal e non constan. A porta de entrada ao local de ensaio xa ten unha chave de seguridade da cal non se poden facer copias.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que esa porta está habitualmente aberta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta aberta por que non a pechan os usuarios, cando deberían facelo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que a persoa que se puxo en contacto con eles so ten a chave de fora, non a de dentro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se esa persoa está autorizada para facer uso do local de ensaio ten que ter coñecemento onde pode recoller esa chave, que é na policía local, como se lle indica a todo o mundo. Non pode ser que os propios usuarios utilicen de forma negligente este local. Non se poden facer copias sen a clave da tarxeta. A chave é de acceso non horario da policía local, se se ensaia fora dese horario pode devolverse ao día seguinte. Estase a facer un mal uso do local. O que lle din os técnicos é que a calquera persoa que se apunta para a súa utilización se lle advirte seriamente que o concello non se vai a facer cargo da seguridade dos obxectos que alí existen, son eles os que teñen que facerse cargo de abrir e de pechar. Non se está a facer. Non se pode facer unha chave de seguridade para a porta de fora que tamén é de acceso a un espazo cedido, así como o local de antiga ubicación da policía local. O local de ensaio ten unha completa seguridade, hai un mal uso dos usuarios do mesmo. É unha cuestión de coordinación quen abra que peche. Non hai por que afrontar un novo gasto cando xa teñen a solución feita.

- Como se pode apreciar nas fotos, a parte de atrás da rúa Víctor González Faya na antiga zona do matadoiro, presenta un estado de abandono: lixo no chan, sinais tiradas etc..

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda de xeito inmediato, á limpeza desta zona. Para a retirada das sinais xa se lle deu traslado aos obreiros.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que falouse onte co empresa de mantemento onte pola tarde para proceder á súa limpeza.

- Veciñanza da aldea de Vilasuso (Beán), trasladou ao grupo municipal do BNG de Ordes a súa preocupación pola velocidade á que transitan os vehículos na estrada que une a aldea de Vilasuso coa AC-3802.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á colocación da sinalización correspondente en dita estrada



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que por normativa nesa estrada a velocidade debería ser de 50 qm/h. Como sucede noutros múltiples lugares do termo municipal temos chamadas e queixas pola velocidade á que transitan os vehículos polas parroquias do termo municipal. Vanse facer actuacións do POS+ 2019 en Vilasuso en dúas vías, falarán co director das obras para ver que aconsella alí.

- Na Rúa Mediodía é moi habitual ver á beira e mesmo dentro dos contedores de recollida orgánica, unha gran cantidade de papel e cartón depositados, o que evidencia que os niveis de reciclaxe son manifestamente mellorables.

En dita rúa non existen contedores de recollida de papel para os cidadáns, a pesar da gran cantidade de xente que vive en dita rúa, e tampouco parece que a recollida porta a porta dos locais comerciais este a ser de todo efectiva.

Veciños da Rúa Mediodía puxéronse en contacto co BNG para solicitar a colocación de algún contedor para o reciclaxe do papel e do cartón.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Estudar a colocación de un contedor de recollida de papel para facilitar a reciclaxe á cidadanía.

Elaborar unha campaña de información aos locais comerciais sobre a recollida de papel e cartón porta a porta.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira de medio ambiente, que sinala que para a realización da campaña de información falará a semana que ven cos técnicos municipais para facer un chamamento en todas as rúas do casco urbano. Os contedores de papel teñen un problema que é que son moi grandes, non vendo nesa rúa unha ubicación idónea para a súa colocación. Na rúa Víctor González Faya hai contedores de papel. Estudarase a posibilidade de colocación.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- ¿Son conscientes de que en Santiago de Compostela estase a aplicar unha bonificación no IBI pola carencia de servizos incluso de oficio?. Isto é algo que lle trasladan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está lendo o informe do técnico municipal que é o que ten que facer o informe favorable para aplicación desta bonificación e é contraditorio nese sentido, basicamente por que a propia ponencia de valores xa ten recollido o establecido polo art. 74.1 do TRLRFL e xa hai unha valoración singularizada en función da situación de cada un dos núcleos rurais de Ordes, con diferentes códigos e con diferentes valoracións para os solos e para as construcións. Pode comprobalo na ponencia de valores, rógalle que así o faga. Non sabe de que época é a ponencia de Santiago de Compostela e o que recolle a mesma.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e tres minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO